

## OUTRO SINDICALISMO É POSIBLE

Hai algúns anos o labor sindical baseábase no contacto directo entre representantes e representados. Os representantes de CC.OO. percorremos en varias ocasións os Campus, Centros e dependencias do Reitorado para expoñer propostas ou informar do estado de diversas negociacións. A partir do 2002 as novas tecnoloxías irromperon tamén no sindicalismo da nosa Universidade. De súpeto, o traballo de varios días podía realizarse dun golpe, redactando un comunicado nuns minutos e distribuíndoo practicamente ao instante a todo o persoal. CC.OO. non foi allea a esta evolución, e así o noso GRILLO converteuse ao formato dixital. Mantivo a súa periodicidade, indefinida pero constante, saíndo cando a ocasión o requiría con propostas de actuacións ou de temas, sempre abertos ao debate. Outros aproveitaron as novas tecnoloxías para quedarse coa súa faciana máis covarde: a da mentira permanente, a do insulto e a das afirmacións non contrastadas. Nós decidimos daquela non entrar ao trampo de todos estes improperios. Nunca pensamos que o despropósito ía ser tan grande, e tan consentido polas propias autoridades académicas, de tal xeito que hoxe, 5 anos despois de deixar a presidencia da Xunta de Persoal e despois de 4 anos de maioría absoluta da CIG, hai quen segue a querer facernos culpables de todo o que sucede ou non sucede no ámbito sindical do persoal funcionario de administración e servizos.

Nestes 4 anos o PAS funcionario perdeu toda a súa capacidade de influencia, maletíns retributivos aparte, e agora a maioría da Xunta de Persoal vense de enfrontar por primeira vez a unha auténtica negociación da que podemos destacar as seguintes cuestións:

- A negociación sobre a RPT ven condicionada polas catro modificacións unilaterais da mesma levadas a cabo polas sucesivas xerencias e que foron resolvendo os seus problemas principais. Agora non hai moeda de cambio para incorporar nada propio. Así se acepta sen máis a limitación da proposta aos Servizos Centrais (¿as presas electorais?) sen unha análise pormenorizada por parte da Xunta de Persoal das auténticas necesidades.

Nun acto de *amarelismo* sen precedentes é a propia Xunta de Persoal quen presenta e defende a proposta do Xerente ante os funcionarios, facéndolle un traballo a este que só se pode entender no marco da gran familia nacionalista na que poderíamos encadrar a ambas partes.

Difícilmente entendible é tamén que na mesma proposta de RPT haxa prazas que desaparecen e quedan a extinguir e outras que desaparecen e obrigan aos seus ocupantes a concursar de novo. Tal vez a outro ámbito distinto de aquel no que se formaron ou incluso a un nivel inferior (¿isto non se parece moito a un expediente disciplinario?). Claro que os afectados son dos malos, dos A e B que non pertencen á gran familia nacionalista. Non se entende tampouco a división dos Servizos da área de Persoal. Non se nos explica que obxectivos se pretenden conseguir co cambio proposto nin as vantaxes sobre o

modelo anterior ou sobre outros modelos propostos polo persoal deses mesmos Servizos.

Vénme agora á mente aquela coñecida poesía de Martín Niemüller que dicía:

*Primero apresaron a los comunistas,  
y yo no dije nada porque no era comunista.*

*Luego se llevaron a los judíos,  
y yo no dije nada porque no era judío.*

*Luego, vinieron a buscar a los obreros;  
no dije nada, porque no era obrero ni sindicalista.*

*Más tarde se metieron con los católicos,  
y no dije nada porque yo era protestante.*

*Y cuando finalmente vinieron por mí,  
no quedaba nadie para protestar.*

Nós pensamos que estas situacións son a derradeira solución e só deben empregarse cando non quede máis remedio e coas debidas garantías para a carreira profesional dos afectados. Calquera día elimínanlle a praza a un nacionalista e non temos xa forma de defender os seus dereitos a unha carreira profesional.

- Respecto da promoción interna pode dicirse que a promoción aos grupos B e A non importa ren. Como se os interesados non fosen representados desta Xunta de Persoal. Non importa que sexan as únicas oposicións de promoción interna nas que o tempo para a realización dos exames é un factor determinante. Véxanse as convocatorias respectivas da Xunta ou doutras Universidades. Tampouco os aspirantes ao grupo C tiveron máis sorte. Os nosos representantes da maioría absoluta fan súas as argumentacións do Xerente e presentan a convocatoria como unha disxuntiva: ou dous exercicios ou non hai promoción. Estes non son os nosos revolucionarios de salón. Estes non só baixan os pantalóns, a pesares das tres negacións, e con maiúsculas, dun membro desta Xunta de Persoal, novo San Pedro deste particular apostolado da maioría absoluta, estes coleguean co Xerente para pasar factura a “inimigos” comúns. Tamén pode influír o feito de que tódolos nosos ¿líderes? sindicais pasaran xa ao grupo C mediante un só exame e pola coñecida estratexia do “café para todos” (asegurado e reasegurado, sen competencia).

Hoxe todos estes feitos requiren unha resposta máis rápida e máis áxil da que nos permite o noso GRILO DIXITAL, que vai seguir sendo o noso referente (e o dos outros sindicatos) no tocante ás propostas de calado e ós debates. Non obstante, nos próximos días imos articular outra fórmula de comunicación que nos permita responder e aclarar as nosas posicións respecto a temas máis puntuais. Sen entrar ao trapo do insulto e a mentira, marcando o noso propio ritmo. Pero informando e facendo que se escoite outra voz, outras voces, distintas deste pensamento único que nos queren impoñer.